



2º Educación Primaria Día das letras galegas 2025

As cantareiras e a poesía popular oral

AS CANTAREIRAS

As cantareiras son as mulleres que interpretan cantigas da nosa música tradicional ou popular.

Estas cantigas interprétanas nos festexos tradicionais, foliadas, seráns, ruadas, polavilas... ao remate dalgún labor agrícola colectivo: esfolladas, fiadas... ou mesmo nas festas familiares ou veciñais.

Normalmente nestas celebracións había música e baile. Ás veces aparecía (ou era contratado) algún gaiteiro ou acordeonista, pero normalmente estas cantareiras usaban a súa voz e instrumentos de percusión como as pandeiretas, os pandeiros e tamén ferriños, cunchas, latas grandes de pemento, sellas, tixolas... case calquera cousa que producise son.

Nas festas, as pandeireteiras normalmente actuaban en grupos, botando as cantigas por quendas, de tal xeito que todas, nalgún momento, puidesen participar no baile.

As festas nas que interviñan as cantareiras e pandeireteiras adoitaban ter a mesma estrutura: primeiro botaban os bailes soltos, con xotas e muiñeiras e despois os agarrados, con pasodobres, polcas, mazurcas... incorporados todos eles á música tradicional galega.

Este ano 2025 a Real Academia Galega dedícalles o Día das Letras Galegas ás cantareiras pola súa contribución ao uso, conservación e difusión da nosa lingua e a nosa cultura.



QUE SABES DAS CANTAREIRAS?

1. Une e colore a mesma cor a festa e a súa definición.

FOLIADA ▲

■ Percorrido que fan os mozos polas rúas bailando e botando serenatas.

RUADA ■

● Reunión nocturna de carácter festivo.

POLAVILA ○

▲ Reunión de xente para divertirse, cantar e bailar.

SERÁN ●

○ Reunión nocturna nunha casa durante o inverno para pasar o tempo.

2. Que sabes das cantareiras? Colorea a resposta correcta.

Que son?

Equipos femininos de balonmán

Agrupacións musicais femininas

Que interpretan?

Cancións pop-rock

Cantigas galegas tradicionais


Que dúas cousas había nas celebracións onde interpretaban estas cantigas tradicionais?

Música e baile

Música e teatro



3. Completa o nome de cada un destes instrumentos musicais tradicionais galegos. Colorea.

CULLERES TIXOLA PANDEIRETA CHARRASCO CUNCHAS PANDEIRO




□ □ □ □ □ □ □ □ □ □


□ □ □ □ □ □ □ □ □ □




□ □ □ □ □ □ □ □ □ □



□ □ □ □ **D** □ □ □ □ □ □




□ □ □ □ **L** □ □ □ □ □ □






□ □ □ □ □ □ □ □ □ □

4. Un instrumento musical de percusión é o que se toca dándolle golpes. Colorea neste conxunto tres instrumentos de percusión.



5. Relaciona as partes da pandeireta que aparecen no recadro.

FERREÑAS **MEMBRANA** **ARCO DE MADEIRA**



6. Une cada un destes traballos agrícolas coa ilustración que lle corresponde.

ESFOLLAR ■




ENSILAR ■



DEBULLAR ■




VENDIMAR ■




7. Fai unha ilustración relacionada con esta cantiga.

Unha pera dúas peras
non tiña máis a pereira
unha pera para min
dúas para a compañeira.








Os mariñeiros traballan

Os mariñeiros traballan
de noite coa luz da lúa.
Dá gusto velos chegare
pola mañá cedo
cheirando a frescura.



QUE SABES DA CANTIGA?

1. Ordena as letras ata formar o nome das diferentes fases da Lúa.



2. Colorea a resposta correcta.

► Quen traballa polas noites?

Os labregos

Os mariñeiros

As redeiras

► Que luz hai pola noite?

A da Lúa

A do Sol

► A que cheiran os mariñeiros?

A incenso


A herba fresca

A frescura


3. Localiza na sopa de letras as seis palabras do recadro

**BARCO
REDE
CANÁ
ÁNCORA
NASA
ANZOL**

Z	H	F	N	X	C	D	N
S	B	A	R	C	O	T	A
R	C	N	T	G	X	H	S
E	Z	C	S	F	D	S	A
D	L	O	A	N	Z	O	L
E	P	R	C	Z	V	X	P
N	C	A	N	A	D	G	V



4. Resolve o encrucillado relacionado coa astronomía.



HORIZONTALAIS


1. Corpo celeste sen luz propia que dá voltas arredor dunha estrela, como a Terra.
2. Satélite da Terra ao que lle dá luz o Sol.
3. Cantas fases importantes ten a Lúa?
4. Que nome lle damos á Lúa cando non se ve máis que a súa sombra? Lúa...
5. Planeta do sistema solar, terceiro en proximidade ao Sol, que xira arredor deste e arredor de si mesmo e no que vivimos nós.
6. Movemento que fai a Terra ao dar voltas sobre si mesma.

HORIZONTALAIS: 1. PLANETA 2. LÚA 3. CATRO 4. NOVA 5. TERRA 6. ROTACIÓN

6. Localiza o nome de cinco traballos relacionados co mar.

PESCADOR MARISCADORA BUZO REDEIRA
MARIÑEIRO BATEIRO

Z R N M A R I Ñ E I R O M
P E S C A D O R C H N F B
V D M H L G Ñ Q B T D R A
D E F L O Z B R C X Ñ P T
X I V T Ñ Q P A M S H D E
S R A N E R G X B F C T E
M A R I S C A D O R A P I
H T L S R A V Z D X R N R
V B U Z O C B M G Z L S O




I Ñ S A R D A



--	--	--	--	--	--	--

L O X U R E



--	--	--	--	--	--

M L O L O L O




--	--	--	--	--	--

X A R A D



--	--	--	--	--

A R A I





--	--	--	--

B A L L A U C A




--	--	--	--	--	--	--

8. Resolve o *sudoku* recortando e pegando as ilustracións dos traballos do mar no lugar que lles corresponde.



9. Localiza nesta sopa de letras o nome dos seis peixes que aparecen no recadro.

LAMPREA OLLOMOL TROITA LURA PESCADA XARDA



10. Relaciona estes animais acuáticos coa súa especie.

tartaruga ■

polbo ■

lura ■

ollomol ■

balea ■

arroaz ■

nécora ■

■ PEIXE

■ CRUSTÁCEO

■ MAMÍFERO

■ RÉPTIL

■ CEFALÓPODO

11. Inventa unha receita de cociña que teña como ingrediente algún peixe.

RECEITA

INGREDIENTES

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

DIFICULTADE

★ ★ ★ ★ ★

Fácil Difícil

DEBUXO

PREPARACIÓN

TEMPO